

Expediente:	1397/2022
Asunto:	Informe PCAP e aprobación expediente de contratación PARQUE INFANTIL CUBERTO NA RÚA VENECIA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a memoria asinada pola alcaldía, na que se poñía de manifesto a necesidade de levar a cabo a obra denominada "PARQUE INFANTIL CUBERTO NA RÚA VENECIA" debido á carencia do servizo que se produce na citada zona.

Considerando que o procedemento mais axeitado para levar a cabo a licitación e o aberto simplificado, segundo se xustifica na memoria incorporada ao expediente.

Visto que consta incorporado ao expediente proxecto de obras denominado "**PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA PARQUE INFANTIL CUBERTO**", asinado por D. José Antonio Gómez Domínguez.

Visto que consta incorporado ao expediente prego de cláusulas administrativas particulares, con número de verificación 7NC9TDYMS229DKNZXQCTN2MFH.

Visto o informe xurídico da Secretaría e a fiscalización favorable da Intervención municipal.

Por todo o anteriormente exposto, e examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO.- aprobar o expediente de contratación, para a súa licitación polo procedemento aberto simplificado, relativo á obra denominada "**PARQUE INFANTIL CUBERTO NA RÚA VENECIA**".

SEGUNDO.- Someter a adxudicación do contrato á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente. No caso de existir no momento de adxudicación o mesmo imputarase á seguinte aplicación orzamentaria

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe máximo de adxudicación sen IVE	IVE	Total importe máximo adxudicación con IVE



2022	171.60900	163.368,98 €	21%	197.676,47€
------	-----------	--------------	-----	-------------

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. -Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- José Luis Piñeiro García, que actuará como presidente da Mesa.
- Guillermo José Fernández López, vogal (secretario da Corporación).
- Faustino Villamor Iglesias, vogal (interventor da Corporación).
- María Teresa Cid Poza, vogal (tesoureira da Corporación).
- Encarna Míguez Rañó, que actuará como secretario da Mesa.

Na Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital.

O alcalde

O secretario

